

# I CERTAME DE FOTOGRAFÍA DE RIORTORTO

A Asociación Cultural Arrincadeira propón a celebración dun concurso de fotografía sobre o patrimonio etnográfico do concello de Riotorto

A traveso desta actividade preténdese introducir os participantes no coñecemento e divulgación do noso patrimonio cultural en calquera das súas vertentes:

Histórico artístico  
Arqueolóxico  
Natural  
Paisaxístico  
Cultural  
Monumental

## DESTINATARIOS

Poderán participar tódalas persoas que o desexen.

## ACTIVIDADE

Os participantes elixirán calquera tema relacionado co patrimonio etnográfico do concello de Riotorto.

Tódalas fotografías presentadas deberán ser inéditas e realizadas polo concursante.

## DOCUMENTACION A ENTREGAR

Cada participante entregará un máximo de 5 fotografías

Poderanse presentar en branco/negro ou color

- En soporte papel fotográfico cun tamaño mínimo de 15x23 nun sobre pechado que levará o nome do autor e o teléfono de contacto. No dorso de cada fotografía porase o título e o lugar onde se realizou.
- En soporte dixital CD ROM cunha resolución mínima de 3 Megapixels coa menor compresión posible, etiquetado co nome do autor e teléfono de contacto. Nun ficheiro de texto porase o nome de cada fotografía e o sitio onde se realizou.

## LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION

A calquera membro da directiva da asociación Arrincadeira ou no Bar Rodil antes do 7 de xaneiro.

## XURADO

O xurado estará composto por dous fotógrafos profesionais e un membro da directiva da asociación Arrincadeira.

## PREMIO

Haberá un único premio consistente nunha peza de cerámica Sargadelos. Farase unha exposición coas fotografías presentadas.

Máis información en [www.arrincadeira.org](http://www.arrincadeira.org) ou escribindo ó enderezo electrónico [fotografia@arrincadeira.org](mailto:fotografia@arrincadeira.org)